



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 26 DE XUÑO DE 2015

LICENZAS

FAVORABLES.-

LIC/1937/2014.- JORGE FAGILDE FANDIÑO.- Conceder a licenza para executar as obras de rehabilitación dunha vivenda en planta segunda e baixocuberta nun inmovible sito na rúa dos Loureiros, 15.

LIC/1116/2014.- MIRIAN ESPANTOSO CAMPOS.- Conceder a licenza para executar as obras de substitución de galería dun inmovible sito na rúa San Roque nº 33.

LIC/347/2015.- CONSORCIO DA CIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.- Conceder a licenza para executar as obras de limpeza de fachadas do ciborio e reparación da cuberta da igrexa de San Martiño Pinarío.

LIC/2027/2014.- MERCEDARIAS DESCALZAS PROV. DE SANTIAGO.- Conceder a licenza para executar as obras de reforma interior da vivenda do capelán sita na rúa do Tránsito da Mercé nº 1.

LIC/598/2015.- RR. DOMINICAS DEL MONASTERIO DE SANTA MARIA DE BELVÍS SANTIAGO.- Conceder a licenza para executar as obras de renovación de cubrición de tella da cuberta do Convento de Belvís sito na Praza de Belvís, 5.

LIC/112/2015.- ISABEL FERRO CASTRO.- Conceder a licenza para executar as obras de substitución de cuberta dunha vivenda unifamiliar sita na rúa Santa Lucía nº 98.

LIC/1111/2014.- PARADORES DE TURISMO DE ESPAÑA, S.A .- Conceder a licenza para executar as obras de instalación dun ascensor para acceso ao comedor de almozos dende a pranta baixa no Hostal dos Reis Católicos na Praza do Obradoiro nº 1.

DEVOLUCIONS DE FIANZA.-

LIC/799/2015.- ROSA MARIA FERNÁNDEZ AMIGO.-

LIC/844/2015.- ROSA MARIA FERNANDEZ AMIGO.-

LIC/890/2015.- BLANCA CARBALLAL MARIÑO.-

LIC/676/2015.- ANTONIO CARBALLEIRA POMBO.-

LIC/889/2015.- JOSÉ MANUEL VIÑAS DIAZ.-

LIC/792/2015.- JOSÉ MARIA LEMOS IGLESIAS.-

2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito a Vivenda e Mobilidade relativa á modificación da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de 26.03.2007 e modificada con data 22.06.2010 segundo a documentación presentada na data 10.03.2015 para a construción de 20 vivendas unifamiliares encostadas na Unidade de Xestión nº 16 de Santas Mariñas parcelas 3, 5, 6, 7 e 8. (LIC/231/2006).

3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito a Vivenda e Mobilidade relativa a concesión de licenza para executar as obras de rehabilitación dunha vivenda en planta segunda e baixocuberta nun inmovible sito na rúa dos Loureiros, 15. (LIC/1937/2014).

4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito a Vivenda e Mobilidade relativa a concesión de licenza para executar as obras de substitución de galería dun inmovible sito na rúa San Roque nº 33. (LIC/1116/2014).

5.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito a Vivenda e Mobilidade relativa a concesión de licenza para executar as obras de limpeza de fachadas do ciborio e reparación da cuberta da igrexa de San Martiño Pinarío. (LIC/347/2015).

6.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito a Vivenda e Mobilidade relativa a concesión de licenza para executar as obras de reforma interior da vivenda do capelán sita na rúa do Tránsito da Mercé nº 1. (LIC/2027/2014).

7.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito a Vivenda e Mobilidade relativa a concesión de licenza para executar as obras de renovación de

cubrición de tella da cuberta do Convento de Belvís sito na Praza de Belvís, 5. (LIC/598/2015).

8.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito a Vivenda e Mobilidade relativa a concesión de licenza para executar as obras de substitución de cuberta dunha vivenda unifamiliar sita na rúa Santa Lucía nº 98. (LIC/112/2015).

9.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito a Vivenda e Mobilidade relativa a concesión de licenza para executar as obras de instalación dun ascensor para acceso ao comedor de almorzos dende a pranta baixa no Hostal dos Reis Católicos na Praza do Obradoiro nº 1. (LIC/1111/2014).

Concédense as devanditas licenzas.

10.- Propostas do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativas a devolución de fianzas.

Procédese á devolución de seis fianzas.

11.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aprobación inicial da Modificación puntual do Plan de sectorización do SUNP-25 (Roxos).

Apróbase inicialmente a modificación puntual e sométese o expediente a información pública durante o prazo dun mes.

12 a 64.- Proposta do concelleiro delegado de facenda relativo a beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, no imposto sobre vehículos de tracción mecánica, no lixo, no imposto sobre construcións, instalacións e obras e na taxa pola subministración de auga e conservación de contadores e pola prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.

Concédense os devanditos beneficios fiscais.

65.- Proposta da concellaría de Facenda relativa á solicitude de exención no IBI á Fundación Especial NOVACAIXAGALICIA obra social.

Concédense a devandita exención.

66.- Aprobación do convenio coa Asociación Fonte da Virxe de Familiares e Amigos dos Enfermos Mentais. Ano 2015.

Apróbase o texto do convenio de colaboración e unha contía de 3.500 euros.

67.- Aprobación do convenio coa Asociación de Dano Cerebral Sarela. Ano 2015.

Apróbase o texto do convenio de colaboración e unha contía de 2.000 euros.

68.- Aprobación do convenio co Centro Cultural Social Xoan XXIII - Programa Xuntos Podemos. Ano 2015.

Apróbase o texto do convenio de colaboración e unha contía de 3.000 euros.

69.- Aprobación do convenio coa Asociación de Persoas Sordas de Santiago. Ano 2015.

Apróbase o texto do convenio de colaboración e unha contía de 8.954,29 euros.

70.- Proposta da concellaría de Facenda relativa á prórroga do contrato de aluguer do local situado na rúa Presidente Salvador Allende, nº 6 para uso de oficinas municipais de Recadación.

Apróbase a prórroga do devandito contrato de aluguer polo período dun ano e un custe de 11.354,88 euros.

71.- Proposta da alcaldía relativa á cese de funcionarios que desempeñan postos directivos.

Apróbase a proposta.

72.- Recoñecemento de obrigas ao amparo do previsto no artigo 19.8 das Bases de Execución do Orzamento 2015.

Apróbase o recoñecemento.

73.- Proposta relativa á concesión de subvencións a empresas privadas para o financiamento de bolsas para o acceso a persoal especializado como vía de mellora da competitividade.

74.- Proposta relativa á aceptación da subvención da Consellería de Traballo e Benestar para a execución de diversas accións formativas dirixidas a persoas desempregadas, correspondentes á vía ordinaria de programación do exercizo 2015.

Acéptase a devandita subvención por un importe de 117.009 euros para a realización de tres accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas desempregadas:

- Organización de proxectos de instalación solar térmica
- Operación de fontanería e calefacción-climatización doméstica
- Operación auxiliares de montaxe de redes eléctricas

75.- Proposta relativa á aprobación do texto do convenio nominativo co Club Deportivo Fontiñas para o desenvolvemento dunha proba da copa galega de escalada en bloque.

Apróbase o texto do convenio.

76.- Adxudicación do subministro de material consumible de oficina para o Concello de Santiago de Compostela.

Adxudícase o subministro a Office Depot SL por importe de 48.097,82 euros máis IVE/ ano por dous anos.

77.- Prórroga do servizo de mediación de seguros privados para o Concello de Santiago de Compostela.

Acórdase a prórroga do contrato suscrito entre o Concello e Borrás-Vázquez-Cameselle Artai Correduría de Seguros SA para a mediación de seguros privados polo prazo dun ano a partir do 12 de xullo.

78.- Prórroga da subscripción dunha póliza de seguro para a cobertura de diversos riscos (Lote I responsabilidade civil/patrimonial para o Concello de Santiago de Compostela).

Acórdase a prórroga do contrato suscrito entre o Concello e Zurich Insurance PLC Sucursal en España para a cobertura dos riscos de responsabilidade civil/patrimonial polo prazo dun ano a contar dende as 24.00 horas do 30 de xuño e cun custo de 64.008,45 euros.

79.- Prórroga da contratación dunha póliza de seguro de accidentes para os empregados municipais (Lote II).

Acórdase a prórroga do contrato suscrito entre o Concello e Surne Mutua de Seguros e Reaseguros a prima fixa para a cobertura do risco colectivo de accidentes dos empregados municipais polo prazo dun ano a contar dende as 24.00 horas do 30 de xuño e cun custo de 11.184,95 euros.

80.- Liquidación do transporte urbano: Tralusa, Autos Carballo, Hermanos Ferrín, Autos Grabanxa e Transportes Mosquera. Ano 2014.